

Atopan castañas de hai mil anos no Castelo Grande de Mos

5

Ademais das castañas milenarias tamén se atoparon cunchas de ostras dos antigos poboadores deste castelo. Son os achados máis salientables da segunda intervención arqueolóxica nesta fortaleza.

3



1

Imaxe das castañas atopadas no Castelo Grande de Nós. Foto: Árbore

4

Redacción – 04/10/2019

6

As tres castañas atopadas están datadas hai 1.200 anos e supoñen un fito arqueolóxico, xa que non é doado atopar restos orgánicos tan ben conservados con esta antigüidade. “Estamos ante o magosto máis antigo de Galicia”, proclamaban con humor dende a cooperativa Árbore Arqueoloxía, encargada da investigación.

En canto á cuncha da ostra, a datación sitúase nuns 900 anos e amosa como nesta zona do interior, pero preto da ría de Vigo, os habitantes consumían produtos do mar.

A clave para a conservación das castañas parece atoparse nun incendio que permitiu que estes restos orgánicos permanecesen sen destruírse durante tanto tempo.

2